



ANUNCIO DE CONSULTA PÚBLICA

TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NO CONCELLO DE BERGONDO

EXPEDIENTE: 2024/G013/000001

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con carácter previo á elaboración da norma, substánciase esta consulta pública para solicitar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Na súa consecuencia, ofrécese información sobre os diferentes aspectos do proxecto normativo, a fin de facilitar a comprensión e valoración de este:

a) Problemas que se pretenden solucionar coa regulación da Ordenanza reguladora do servizo de taxi do Concello de Bergondo.

De conformidade co establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 25.2.g), o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: «...*Transporte colectivo urbano*» e na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, no seu artigo 80.2.m): «*O transporte público de viaxeiros*»

O servizo de taxi é un tipo de transporte urbano, regulado pola súa propia normativa, concretamente a Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia. É necesario aprobar unha ordenanza que adecúe o servizo a esta lei, así como ao seu desenvolvemento regulamentario por Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

Nesta normativa, atribúese ao municipio a competencia para a ordenación e para a xestión do servizo público de transporte urbano de viaxeiros e, neste sentido, correspóndelle ao municipio o outorgamento dos títulos xurídicos habilitantes (concesións e/ou autorizacións) para a realización de transportes urbanos de viaxeiros, salvo os de carácter discrecional.

b) Necesidade e oportunidade da súa aprobación

A necesidade de aprobar esta ordenanza de taxi radica en ordenar e especificar o uso do taxi no municipio, adaptándoo á Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e ao Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

c) Obxectivos da elaboración da norma

Adaptar o marco normativo vixente ao disposto na Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e no Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

A iniciativa regulamentaria que se propón, contén a regulación imprescindible para atender ás necesidades que se pretenden cubrir coa norma, non considerándose outras alternativas regulatorias ou medidas, dado que actualmente este municipio carece de toda clase de regulación na materia.

Á vista do anterior ábrese un período de consulta cidadá no Portal de Transparencia do Concello de Bergondo e no taboleiro de anuncios da súa sede electrónica, por prazo de 20 días hábiles a contar desde o día seguinte da súa publicación. As suxestións e achegas a esta consulta pública previa poderanse formular mediante escrito dirixido ao Rexistro Xeral do Concello de Bergondo de forma presencial ou a través da súa sede electrónica, con referencia ao número de expediente e asunto que figuran no encabezado, no prazo indicado. A publicación que se producirá de forma simultánea nas seguintes direccións web:

Portal de Transparencia: https://sede.bergondo.gal/sxc/es/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Proyectos_Normativos/Proyectos_Normativos.html

Sede Electrónica: <https://sede.bergondo.gal/sxc/es/informacion/>

Bergondo, 23 de abril de 2024

A alcaldesa-presidenta
Alejandra Pérez Máquez